

17 de maio de 2024



feira de artesanía

condicións de participación



Concello de
CULLEREDO

condicións de participación

Responsabilidade

1 A Feira de Artesanía está organizada pola Concellería de Cultura do Concello de Culleredo.

2 Ademais das condicións que se recollen neste documento, a organización pode, no uso das súas competencias, adoptar as medidas que considere oportunas para o normal desenvolvemento de todo o proceso.

3 As persoas participantes comprométense a acatar estas condicións e todas aquelas que estableza a organización durante o proceso e, de non ser así, quedarán excluídas do mesmo.

A Feira de Artesanía

4 A Feira de Artesanía terá lugar o 17 de maio de 2024 na praza de Europa do Burgo en horario de 11:00 a 20:00 horas.

5 Poderán concorrer á mesma as persoas interesadas que teñan unha produción exclusivamente artesanal e de elaboración propia.

6 Enténdese por artesanal aquela produción na que a contribución manual directa sexa a principal compoñente do produto final, sexan cales sexan as ferramentas empregadas no proceso.

Non se aceptarán:
7 produtos non artesanais, produtos de elaboración allea, revenda de produtos e produtos alimentarios.

condicións de participación

8

A organización ofrece 40 espazos para colocar os postos artesanos. O número de espazos ofrecidos pode variar dependendo da propia loxística do evento e do número de solicitudes de espazos que se presenten.

9

De non alcanzar un número mínimo de participantes, a celebración do evento pode ser suspendida.

Solicitud de espazo

10

A solicitude de espazo para participar na Feira de Artesanía farase unicamente a través de formulario. Non se aceptarán solicitudes de espazo por ningunha outra vía.

11

Este formulario permanecerá aberto desde as 9:00 h do día 19 de abril ata as 14:00 h do día 25 de abril. Para acceder ao formulario é necesario ter unha conta Google/Gmail.

12

Co formulario, ademais da información que se pida nel, haberá que achegar un dossier explicativo e/ou un mínimo de 3 imaxes dos produtos que a persoa solicitante vaia ofrecer na Feira.

13

Poderá facerse selección das solicitudes na que se terán en conta os seguintes criterios:

- O cumprimento das condicións que se establecen.
- A calidade, interese, variedade e adecuación dos produtos, valoradas a partir da información e imaxes que se acheguen co formulario.
- A concorrencia de solicitudes con produtos similares.
- Que as participantes teñan sede social ou estean empadroadas en Culleredo.

condicións de participación

- 14** A lista coas solicitudes admitidas publicárase o día 2 de maio na páxina web e nas redes sociais do Concello de Culleredo. De ser o caso, publicárase tamén unha lista de agarda.

O día da Feira

- 15** O día 17 de maio, a partir das 08:30 horas, a organización recibirá ás persoas participantes na praza de Europa, fará entrega das acreditacións e designará o espazo a ocupar por cada posto por estrito orde de chegada.

- 16** Non se reserva espazo nin con anterioridade á feira nin ese mesmo día. Tampouco pode ocuparse espazo antes do horario que se marca no punto anterior.

- 17** As persoas participantes poden montar os postos a partir das 09:00 horas. A montaxe ten que estar acabada na hora da apertura ao público da feira.

- Para a montaxe dos postos, as persoas participantes poderán traer e colocar os elementos que precisen e que cumpran coas seguintes consideracións:

- 18**
- O conxunto da montaxe (mesa e elementos exentos) non pode exceder os 3 metros de lonxitude
 - A acreditación ten que estar en todo momento nun lugar visible do posto.
 - Non está permitida a instalación e uso de aparatos de música nin calquera outro elemento de reclamo que poida molestar ou afectar negativamente a outros postos da feira.

condicións de participación

18

-Non está permitida a colocación de carteis, pancartas ou similares con contido alleo á propia feira.

-Non hai toma de electricidade.

-Non hai alternativa cuberta no caso de choiva.

19

Se a organización considera que os produtos que se expoñen non se axustan á información que as persoas participantes presentaron previamente e/ou pertencen a algún dos produtos non aceptados que se recollen no punto 7 destas condicións, pode solicitar a súa retirada.

20

As persoas participantes deben respectar e coidar o espazo e cumprir rigorosamente cos horarios que se establecen.

Datos persoais e privacidade

21

Os datos persoais que comuniquen as persoas participantes trataranse de acordo coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e utilizaranse unicamente para o evento Feira de artesanía 2024.

22

Se non expresan o contrario, as persoas participantes consenten que a organización ou persoa autorizada filme ou fotografe os postos e o seu contido e utilice as imaxes na difusión e promoción que se faga do evento en redes sociais, páxina web e medio de comunicación.